BOP
JUEVES, 27 DE MAYO DE 2010 Nº 118
DIPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
www.deputacionlugo.org Dep. Legal: LU - 1 - 1968 Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

# Excma. Deputación Provincial

## Servizo de Formación

CONVOCATORIA OBRADOIROS DO PLAN PROPIO DA DEPUTACIÓN PARA O ANO 2010

O Servizo de Formación, en aplicación do Plan de Formación para o ano 2010, propón, vista as propostas do deputado-delegado da Área de Cooperación cos Concellos, de data 4-02-2010 e según Resolución de data 19-05-2010 pola que se autoriza ao Servizo de Formación á realización da acción formativa abaixo relacionadas esta Presidencia en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Lei 11/99 de 21 de abril, de modificación da anterior RESOLVE:

Primeiro.- Convocar para a súa realización as accións formativas seguintes:

| CÓDIGO | ACCIÓN FORMATIVA | EDIC | PART / EDIC | HORAS / EDIC |
|---|---|---|---|---|
| 02.10.01.10 | A MESA DE CONTRATACIÓN. COMPOSICIÓN. FUNCIÓNS. ACTOS E ACTAS DA MESA. A NEGOCIACIÓN NO PROCEDEMENTO NEGOCIADO | 01 | 20 | 08 |
| 02.11.01.10 | O REXISTRO DE INTERESES DOS CARGOS ELECTOS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS | 01 | 20 | 04 |
| 02.12.01.10 | COMPETENCIAS E OBRIGAS MUNICIPAIS NA LEI DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA. A XESTIÓN DA BIOMASA NAS FRANXAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN | 01 | 20 | 04 |

Segundo: Ordena-la publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP.

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

Primeira.- Solicitudes:

1.- O persoal que desexe participar neste curso presentará cuberta en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial, debendo a misma contar co informe da entidade local, sinatura e selo do superior xerárquico (Presidente, Alcalde, Xefe Servicio ….)

2.- A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso.

3.- O prazo de presentación das solicitudes rematará o 10 de xuño ás 14:00 horas

4.- A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Servizo de Formación, por:

- Presentación directa: No Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

- Correo postal: Rúa San Marcos, 8. - 27001 Lugo.

- Fax: 982 260 169 / 982 260 165

- Correo electrónico: formacion@deputacionlugo.org

- E demáis lugares de conformidade co artigo 38.4º da Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segunda.- Acceso ás accións formativas:

1.- Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2.- A lista dos seleccionados poñerase de manifesto nas oficinas da Área de Formación, asemade os peticionarios poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ó teléfono nº: 982 260 065 ou 982 260 035.

Terceira.- Certificacións:

Se expedirá certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós alumnos/as que asistan ó curso. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa.

a) Certificación de asistencia, ou

b) Certificación de asistencia con aproveitamento: Trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario:

En calquera dos supostos só se expedirá unha única certificación.

Cuarta.- Modificacións:

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modifica-lo desenvolvemento e mailos contidos do curso co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 20 de maio de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

## ANEXO I

## CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Código A. F. | **02.10.01.10** | Denominación: | **A MESA DE CONTRATACIÓN. COMPOSICIÓN. FUNCIÓNS. ACTOS E ACTAS DA MESA. A NEGOCIACIÓN NO PROCEDEMENTO NEGOCIADO** | | |
| Destinatarios: | **Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal e empregados públicos locais da provincia de Lugo responsables da xestión de expedientes que teñan relación directa co obradoiro** | | | | |
| Nº de edicións | **01** | Participantes por edición | **20** | Nº horas por edición | **08** |
| Calendario previsto | **24 de xuño de 2010** | Horario: | **Das 9:00 ás 14:30 h. e das 16:30 ás 19:00 h.** | | |
| Lugar celebración: | **Aulas de Formación Deputación** | | | | |

| | |
|---|---|
| Obxectivos: | ✓ **Coñecemento de todo o proceso relacionado coa contratación e negociación no procedemento negociado** |

| | |
|---|---|
| Programa: | **1. PREPARACIÓN DEL EXPEDIENTE POR LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.**<br>**2. PREPARACIÓN DEL EXPEDIENTE POR ENTES DEL SECTOR PÚBLICO QUE NO TENGAN EL CARÁCTER DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.**<br>**3. ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO POR LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.**<br>- Supuesto de adjudicación, en especial los contratos de obras, suministros y servicios.<br>- Tramitación, en especial, la delimitación de la materia objeto de negociación. |

| | |
|---|---|
| | **4. ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO POR PODERES ADJUDICADOS QUE NO SEAN ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.**<br>**5. ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO POR OTROS ENTES DEL SECTOR PÚBLICO.**<br>**6. EFECTOS, CUMPLIMIENTO Y EXTINCIÓN DE LOS CONTRATOS ADMINISTRATIVOS.**<br>**7. EFECTOS, CUMPLIMIENTO Y EXTINCIÓN DE LOS CONTRATOS PRIVADOS.** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Código A. F. | **02.11.01.10** | Denominación: | **O REXISTRO DE INTERESES DOS CARGOS ELECTOS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS** | | |
| Destinatarios: | **Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal e empregados públicos locais da provincia de Lugo responsables da xestión de expedientes que teñan relación directa co obradoiro** | | | | |
| Nº de edicións | **01** | Participantes por edición | **20** | Nº horas por edición | **04** |
| Calendario previsto | **25 de xuño de 2010** | Horario: | **Das 09:30 ás 13:30 h.** | | |
| Lugar celebración: | **Aulas de Formación Deputación** | | | | |

| | |
|---|---|
| Obxectivos: | ✓ **Coñecer como se elabora o rexistro de intereses dos cargos electos das Corporacións Locais con contido práctico** |

| | |
|---|---|
| Programa: | **1.- NORMATIVA**<br>3.1. La Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, de Régimen Electoral General.<br>3.2. La Ley 7/85, de 2 de diciembre, Reguladora de las Bases del Régimen Local.<br>3.3. La Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades.<br>3.4. El Código de buen gobierno (BOE 7 de mayo de 2006)<br>**2.- RÉGIMEN DE INCOMPATIBILIDADES**<br>2.1. Principios generales<br>2.2. Actividades públicas<br>2.3. Actividades privadas<br>**3.- LA DECLARACIÓN DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDAD Y ACTIVIDADES (CASO PRÁCTICO).**<br>**4.- LA DECLARACIÓN DE BIENES PATRIMONIALES (CASO PRÁCTICO).**<br>**5.- LA TOMA DE POSESIÓN DEL CARGO DE CONCEJAL(CASO PRÁCTICO)** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Código A. F. | **02.12.01.10** | Denominación: | **COMPETENCIAS E OBRIGAS MUNICIPAIS NA LEI DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA. A XESTIÓN DA BIOMASA NAS FRANXAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN** | | |
| Destinatarios: | **Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal e empregados públicos locais da provincia de Lugo responsables da xestión de expedientes que teñan relación directa co obradoiro** | | | | |
| Nº de edicións | **01** | Participantes por edición | **20** | Nº horas por edición | **04** |
| Calendario previsto | **28 de xuño de 2010** | | Horario: | **Das 16:30 ás 20:30 h.** | |
| Lugar celebración: | **Aulas de Formación Deputación** | | | | |

| | |
|---|---|
| Obxectivos: | **Acercar aos participantes á regulación actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia e dar a coñecer o papel que lle outorga ás entidades locais de ámbito municipal.** |

Programa:

1) **A normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia. Os cambios introducidos pola Lei 3/2007, do 9 de abril.**
2) **Principais obxectivos da Lei.**
3) **Liñas básicas de actuación.**
    a. Planificación. Os Plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais.
    b. Limitacións e medidas preventivas
    c. Regulación das repoboacións forestais
    d. As redes de faixas de xestión de biomasa: Protección do espazo rural e dos asentamentos de poboación en particular.
    e. Réxime sancionador.
4) **As redes secundarias e a xestión de biomasa. Especial atención ás obrigas e atribucións aos Concellos nesta materia.**
    a. Concepto de "xestión de biomasa"
    b. As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (artigo 21 da Lei 3/2007).
    c. Persoas responsables da xestión de biomasa: supostos nos que é responsabilidade dos Concellos a súa execución.
    d. Procedemento para requirir e ordenar aos particulares a execución dos traballos preventivos. Atribucións dos concellos.
    e. Competencia sancionadora.
    f. A execución forzosa e a execución subsidiaria.
5) **A colaboración entre a Administración autonómica e a Administración Local.**
6) **Previsións nos instrumentos de planeamento urbanístico municipal.**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
*Servizo de Formación*

## ANEXO II
## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

| ***1. Título da acción formativa.*** | ***Código A. F.*** |
|---|---|
| | |

***2. Datos personais.***

| Nome: | Primeiro Apelido | Segundo Apelido | N.I.F. |
|---|---|---|---|

| Enderezo particular: | Localidade | Provincia | Teléf. Particular |
|---|---|---|---|

***3. Datos profesionais***

| Posto de traballo: | Grupo A ☐ B ☐ C ☐ D ☐ E ☐ | Nivel: ☐ | Entidade onde presta servizos | Dependencia | Data ingreso Admón. |
|---|---|---|---|---|---|

| Enderezo posto de traballo | Localidade | Provincia | Teléf. Traballo | Fax traballo | Correo electrónico |
|---|---|---|---|---|---|

| Minusvalía física | Sí | Non | | Preferencia realización curso | Mañá | Tarde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ☐ | ☐ | | | ☐ | ☐ |

| Tipo de persoal | Funcionario | F. Interino | P. Eventual | Laboral Indefin. | Laboral Tempor. | Horario de traballo | Mañá | Tarde | Quendas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ |

Funcións que desempeña:

***4. Datos Académicos.***

- ☐ Certificado de Escolaridade ou títulos equivalentes.
- ☐ Graduado Escolar / Graduado en ESO / FP I ou títulos equivalentes.
- ☐ Bacharelato Superior / BUP / FP II ou títulos equivalentes
- ☐ Diplomado Universitario / Enxeñeiro Técnico ou títulos equivalentes
- ☐ Licenciado Universitario / Enxeñeiro Superior ou títulos equivalentes.

***5. Declaración.***

Declaro baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que aporto á solicitude que abaixo asino.

***6. Informe da Entidade Local.***

☐ Favorable ☐ Desfavorable

Sinatura e selo
(Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_______________ a ______ de _______________ de **2010**

Sinatura

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

**Servizo de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org**

**De conformidade coa L.O. 15/1999, infórmaselle que os datos de carácter persoal que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Deputación de Lugo, e serán tratados co fin de levar a cabo tódalas xestións relacionadas coa atención a súa solicitude. Así mesmo vostede autoriza a cesión dos seus datos a aquelas empresas ou entidades que colaboren na organización e xestión das accións formativas solicitadas Vostede consinte o tratamento destes datos podendo exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición dirixíndose ó enderezo arriba indicado**

R. 02730

# AYUNTAMIENTOS

## LUGO

*Anuncio*

O Excmo. Concello Pleno, na súa sesión celebrada con data do 14-12-2009, de conformidade co disposto no artigo 123.d) do da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aplicable a este Concello a teor do disposto na Lei 5/2004 do 28 de xuño, da Comunidade Autonoma de Galicia, adoptou o acordo de aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Lugo.

Posteriormente, segundo o previsto no apartado segundo da súa parte dispositiva, realizouse o trámite de exposición pública durante o prazo de 30 días, mediante a súa publicación no BOP, con data do 11-01-2010, así como no taboleiro de edictos municipal no que permaneceu exposto desde o 28-12-2009 ata o 04-02-2010.

Como queira que, durante este período, non se rexistraron alegacións nin suxestións ao devandito expediente, quedou elevado a definitivo o acordo de "aprobación inicial da ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Lugo" adoptado polo Excmo. Pleno con data do 14-12-2009.

Como consecuencia, a través do presente anuncio procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Lugo, segundo a continuación se transcrebe, con expresión de que contra o acordo elevado a definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala da dita xurisdicción do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no B.O.P., sen perxuizo de calquer outro que se estimara legalmente procedente.

"ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE LUGO.

ÍNDICE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Artigo 3.- Principios de funcionamento.

Artigo 4.- Comisión Técnica de Administración Electrónica.

TÍTULO II.- DEREITOS E DEBERES DA CIDADANÍA.

Artigo 5.- Dereitos e garantías.

Artigo 6.- Deberes da cidadanía.

TÍTULO III.- A SEDE ELECTRÓNICA.

Artigo 7.- A sede electrónica no Concello.

Artigo 8.- Contido da sede electrónica.

Artigo 9.- Taboleiro de edictos electrónico.

Artigo 10.- Formas de identificación e autentificación da cidadanía.

Artigo 11.- Información de libre acceso.

TÍTULO IV.- O REXISTRO ELECTRÓNICO.

Artigo 12.- Creación do rexistro electrónico.

Artigo 13.- Funcións do rexistro electrónico.

Artigo 14.- Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións no rexistro electrónico.

Artigo 15.- Modelos normalizados de solicitude.

Artigo 16.- Representación vía telemática.

Artigo 17.- Funcionamento do rexistro electrónico.

Artigo 18.- Cómputo de prazos.

TÍTULO V.- DOCUMENTOS E ARQUIVOS ELECTRÓNICOS.

CAPÍTULO I.- O DOCUMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO.

Artigo 19.- Definición e características.

Artigo 20.- Expedición de copias auténticas.

CAPÍTULO II.- O ARQUIVO ELECTRÓNICO.

Artigo 21.- Arquivo de documentos electrónicos.

Artigo 22.- Acceso ós documentos arquivados por medios electrónicos.

TÍTULO VI.- NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICA.

Artigo 23.- A notificación electrónico.

Artigo 24.- O enderezo electrónico sinalado para os efectos de notificación.

Artigo 25.- Revogación do enderezo electrónico sinalado para os efectos de notificación.

Artigo 26.- Práctica da notificación electrónica.

Artigo 27.- Comunicacións electrónicas.

TÍTULO VII.- INCORPORACIÓN DE TRÁMITES E PROCEDEMENTOS Á TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA.

Artigo 28.- Catálogo de procedementos e trámites electrónicos.

Artigo 29.- Procedemento de incorporación.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.

PRIMEIRA.- COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS.

SEGUNDA.- PROCEDEMENTOS EN CURSO.

TERCEIRA.- TABOLEIRO DE EDICTOS ELECTRÓNICO.

CUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA.

QUINTA.- XESTIÓN DOCUMENTAL.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

PRIMEIRA.

SEGUNDA.

TERCEIRA.

ANEXO I.- CATÁLOGO DE PROCEDEMENTOS E TRÁMITES ELECTRÓNICOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As relacións entre as Administracións Públicas coa cidadanía, empresas e organismos, adquiren unha nova dimensión dixital coa administración electrónica, definida pola Comisión Europea como "o uso das tecnoloxías da información e as comunicación nas Administracións Públicas, combinando con cambios organizativos e novas aptitudes, co fin de mellorar os servizos públicos e os procesos democráticos e reforzar o apoio das políticas públicas".

Este modelo implica non só o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación, senón unha reestruturación dos servizos públicos e os principios que rexen a actuación das Administracións Públicas.

En todo caso, xa a Constitución Española de 1978 deu lugar a un novo concepto de Administración, sometida á Lei e ó Dereito, vinculando, no seu artigo 103.1, a lexitimidade no exercicio das potestades administrativas ós principios de servizo ó interese xeral.

Estes principios xerais de actuación recóllense, ademais, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no seu artigo 3 e, no ámbito local, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 6, ó establecer os principios de eficiencia, servizo ós cidadáns, eficacia, coordinación, transparencia e participación da actuación administrativa nas súas relacións coa cidadanía.

Precisamente é a Lei 30/1992, no seu artigo 45.1, a que supón un impulso substancial da administración electrónica ó determinar que as Administracións Públicas empreguen e apliquen as técnicas e medios electrónicos para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias.

Por outra parte, o artigo 70 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, convértese nun mandato máis para avanzar ata unha Administración máis áxil e eficaz, situando a cidadanía como eixe central do proceso de modernización administrativa. Esta Lei recoñece o dereito da cidadanía a relacionarse coas Administracións Públicas por medios e canles electrónicas, así como a obriga das propias administracións a redeseñar os seus procedementos e dotarse dos medios técnicos necesarios para o seu exercicio.

En todo caso, o gran salto no desenvolvemento da administración electrónica ten a súa orixe na Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos.

Coa promulgación da Lei, cambia radicalmente o panorama da e-Administración. A partir deste momento establécese o dereito da cidadanía a comunicarse coas AA.PP. por medios e canles electrónicas e, polo tanto, converténdose unha obriga para estas.

Este dereito, contido no artigo 1 da Lei, desenvólvese con máis detalle nos seguintes títulos da norma, recoñecendo, de forma explícita, novos dereitos á cidadanía, e establecendo obrigas concretas ás Administracións Públicas: Estas deberán de prestar os servizos necesarios para facer efectivos os dereitos recoñecidos á cidadanía en relación coa utilización dos medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas, asegurando o acceso, integridade, autenticidade, confidencialidade e conservación dos datos, informacións e servizos para prestar.

O recoñecemento destes dereitos básicos e esta nova orientación dos servizos públicos son os que levan ó Concello de Lugo á aprobación desta ordenanza municipal administración electrónica.

Esta ordenanza estrutúrase en sete títulos, cinco disposicións transitorias, tres disposicións finais e un anexo.

No título primeiro define o obxecto, o ámbito de aplicación e os principios de funcionamento da administración electrónica no Concello de Lugo, de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos.

No título segundo están recollidos os dereitos e deberes da cidadanía nas súas relacións coa Administración municipal a través de medios electrónicos.

O título terceiro, dedicado á sede electrónica do Concello, regula o seu contido, así como as formas de identificación e autentificación necesarias para que a cidadanía se relacione electrónicamente coa Administración municipal e os seus organismos.

O título cuarto crea e regula o funcionamento do rexistro electrónico, configurándoo como un rexistro auxiliar do Rexistro Xeral municipal e integrado neste.

No título quinto establécese o réxime xurídico dos documentos e arquivo electrónico. No capítulo primeiro establécense as condicións para recoñecer a validez dun documento electrónico, e regúlase o sistema de copias electrónicas, tanto as realizadas a partir de documentos orixinariamente emitidos en papel, como as copias de documentos que xa estiveran en soporte electrónico. No capítulo segundo regúlase o arquivo electrónico, así como o acceso ós documentos arquivados.

O título sexto refírese ás notificacións e comunicacións electrónicas, de carácter voluntario para a cidadanía, regulando a práctica da notificación, o enderezo

electrónico sinalado para os seus efectos e as comunicacións electrónicas entre a cidadanía e o Concello.

O título sétimo, titulado “incorporación de trámites e procedementos á tramitación electrónica”, establece a necesidade de que, previamente á súa tramitación electrónica, os procedementos administrativos deberán de conterse no catálogo de procedementos e trámites electrónicos do Concello de Lugo, regulando, ademais, o seu procedemento de incorporación.

Por último, o anexo desta ordenanza contén o catálogo de procedementos e trámites electrónicos do Concello de Lugo.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

1. Esta ordenanza regula a implantación da administración electrónica no Concello de Lugo, mediante o impulso da utilización dos medios e canles electrónicas no desenvolvemento da actividade administrativa do Concello, tanto para a súa relación coa cidadanía como coas restantes Administracións Públicas, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, desenvolvido pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos.

2. Esta ordenanza regulará aquelas actuacións nas que participe o Concello de Lugo e que se realicen por medios e canles electrónicas. Concretamente nos seguintes ámbitos:

a) A tramitación dos procedementos administrativos incorporados á tramitación telemática.

b) A creación do rexistro electrónico e a regulación do seu funcionamento.

c) Especificación dos trámites e procedementos que poderán ser iniciados a través do rexistro electrónico así como a fixación dos principios reguladores para a incorporación de novos trámites e procedementos administrativos.

d) A prestación, por medios informáticos, de servizos de información e de atención á cidadanía polos distintos órganos e unidades administrativas pertencentes ás distintas áreas do Concello de Lugo.

e) A regulación das relacións coas demais administracións e entidades públicas en tanto en canto actúen como usuarias dos servizos ou ben como parte interesada nos procedementos incluídos no ámbito de aplicación desta ordenanza.

f) A regulación das relacións internas entre órganos e unidades administrativas do Concello que se realicen a través das redes internas.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

As disposicións contidas nesta ordenanza serán de aplicación a todos os órganos e unidades administrativas do Concello de Lugo, así como ás persoas físicas ou xurídicas e outras Administracións Públicas que interactúen con aqueles a través dos medios e canles electrónicas.

Artigo 3.- Principios de funcionamento.

A implantación da administración electrónica no Concello de Lugo realizarase de acordo cos principios xerais establecidos no artigo 4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos e con total respecto das limitacións e garantías establecidas pola Constitución e o resto do ordenamento.

En todo caso, a Administración municipal utilizará as tecnoloxías da información asegurando a dispoñibilidade, o acceso, a integridade, a autenticidade, a confidencialidade e a conservación dos datos, informacións e servizos que xestionen no exercicio das súas competencias.

Artigo 4.- Comisión Técnica de Administración Electrónica

Créase unha comisión técnica da administración electrónica que exercerá as funcións de control e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, administrativos e formativos que a fagan posible.

A súa constitución deberá formalizarse a través dun Decreto da Alcaldía, no que se regulará a súa composición e funcións.

TÍTULO II.- DEREITOS E DEBERES DA CIDADANÍA.

Artigo 5.- Dereitos e garantías.

1. As relacións que se produzan entre a cidadanía e o Concello de Lugo a través dos medios electrónicos que se regulan nesta ordenanza realizaranse con plena suxeición ós dereitos e garantías previstos no art. 35 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos.

2. En concreto, recoñéceselle á cidadanía o dereito a relacionarse co Concello utilizando medios e canles electrónicas para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, entaboar pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos municipais.

3. En todo caso, recoñécenselle á cidadanía os seguintes dereitos:

a) A utilizar o idioma galego na tramitación integral de todos os procedementos electrónicos que se establezan, quedando obrigada aAdministración a poñer á súa disposición toda a documentación precisa aos efectos, en galego.

b) A utilizar o idioma castelán na tramitación integral de todos os procedementos electrónicos que se establezan, quedando obrigada a Administración a poñer á súa disposición toda a documentación precisa aos efectos, en castelán.

c) A elixir, entre aquelas que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos co Concello.

d) A non achegar os datos e documentos que estean en poder do Concello.

e) Á igualdade no acceso electrónico ós servizos prestados pola Administración municipal de Lugo.

f) A coñecer, por medios electrónicos, o estado de tramitación dos procedementos nos que sexan interesados.

g) A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte dos procedementos nos que teñan a condición de interesados.

h) Á conservación en formato electrónico por parte do Concello dos documentos electrónicos que formen parte do expediente.

i) A obter os medios de identificación electrónica necesarios, podendo utilizar calquera sistema de sinatura electrónica admitido polo Concello. En todo caso, as persoas físicas poderán utilizar a sinatura electrónica do Documento Nacional de Identidade.

j) Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.

k) A garantía da seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións do Concello.

l) Á elección das aplicacións ou sistemas para relacionarse co Concello, sempre e cando se utilicen estándares abertos ou, se é o caso, aqueloutros que sexan de uso xeralizado pola cidadanía.

4. En particular, nos procedementos relativos ó establecemento de actividades de servizos, a cidadanía ten dereito a obter a seguinte información a través de medios electrónicos:

a) Ós procedementos e trámites necesarios para acceder ás actividades do servizo e para o seu exercicio.

b) Ós datos das autoridades competentes en materias relacionadas coas actividades de servizos, así como das asociacións e organizacións profesionais relacionadas con elas.

c) Ós medios e condicións de acceso ós rexistros e ás bases de datos públicos relativos a prestadores de actividades de servizos e ás vías de recurso en caso de litixio entre calquera autoridade competente, prestador e destinatario.

5. Así mesmo, co fin de garantir o dereito ó honor e á intimidade persoal e familiar na utilización dos medios electrónicos ós que se refire esta ordenanza, e de conformidade cos límites establecidos na Constitución, estarase ó disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e demais disposicións específicas que regulen o tratamento automatizado da información.

Artigo 6.- Deberes da cidadanía.

1. Co fin de garantir o bo funcionamento da administración electrónica, así como unha óptima xestión da información, comunicacións e procesos, os cidadáns e cidadás deberán cumprir cos seguintes deberes:

a) Utilizar de boa fe os servizos contidos nesta ordenanza e postos á súa disposición pola Administración municipal, empregando, cando así se requira, algún dos instrumentos de identificación establecidos para estes efectos.

b) Facilitar, nas súas relacións coa Administración municipal, información veraz, completa e precisa.

c) Custodiar os elementos identificativos persoais (claves, códigos, tarxetas, etc.) utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración municipal.

A Administración municipal velará polo cumprimento destes deberes, no marco do previsto na normativa aplicable e nas previsións desta ordenanza.

TÍTULO III.- A SEDE ELECTRÓNICA

Artigo 7.- A sede electrónica no Concello.

1. O acceso a todos os servizos contemplados nesta ordenanza realizarase a través da sede electrónica do Concello de Lugo que queda establecida no enderezo electrónico http://www.lugo.es.

2. A sede electrónica estará identificada co selo de entidade do Concello e un código seguro de verificación vinculado a este.

3. O Concello de Lugo garantirá a integridade, veracidade e actualización das informacións, servizos e transaccións ás que poda accederse a través da sede electrónica con suxeición ós principios recollidos no artigo 10.3 da Lei 11/2007.

4. A información posta a disposición do público a través das redes de comunicación e accesible a través da sede electrónica estará permanentemente actualizada a través dos datos que, por parte de cada un dos órganos e unidades administrativas do Concello, se remitan á unidade correspondente a través do procedemento que se estableza.

5. A fin de facilitar ó máximo o acceso da cidadanía á sede electrónica, dispoñerase unha nova canle de comunicación do Concello a través dunha rede de puntos de información e autoxestión situados en distintas dependencias municipais.

6. Coa mesma finalidade, proporcionarase un servizo de conexión wifi, que permita o acceso dos cidadáns á rede, naquelas instalacións, centros e dependencias municipais de uso público nas que así se determine, conforme á normativa vixente en materia de telecomunicacións. A súa utilización será regulada a través dunha normativa específica.

Artigo 8.- Contido da sede electrónica.

1. A través da sede electrónica poderase acceder, entre outros:

a) Á información municipal que, como mínimo, conterá a relativa á distribución orgánica do Concello, normativa municipal en vigor, cartas de servizos, datos de interese sobre o municipio, información urbanística así como toda a información municipal de carácter xeral que se considere oportuna.

b) Ó catálogo de procedementos e trámites electrónicos así como a información sobre os procedementos administrativos que se tramitan no Concello, con indicación dos prazos de resolución, sentido do silencio, cales poden ser tramitados electrónicamente en todo ou só en parte, así como a normativa aplicable. Incorporaranse tamén os formularios normalizados que sexan de aplicación en cada un deles.

c) Ó rexistro electrónico.

d) Ó perfil do contratante, que contará coas garantías e especificacións legais previstas no artigo 42 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

e) Á caixa de reclamacións e suxestións dende o cal a cidadanía poderá interpoñer aquelas que estime oportunas.

f) Ós medios de publicidade oficial que se estimen pertinentes por parte da autoridade competente do Concello.

g) A todos aqueles contidos que, por disposición legal ou regulamentaria deban estar incluídos na sede electrónica.

Artigo 9.- Taboleiro de edictos electrónico.

1. O Concello creará un taboleiro de edictos electrónico que se poderá consultar na súa sede electrónica. A través deste taboleiro, o Concello poderá dar a coñecer a información que unha norma xurídica ou resolución xudicial obrigue a notificar ou publicar.

2. O Concello garantiralle á cidadanía o acceso á información contida no taboleiro de edictos electrónico as 24 horas do día, todos os días do ano.

Artigo 10.- Formas de identificación e autentificación da cidadanía

1. Co fin de relacionarse coa Administración municipal, a cidadanía poderá optar polos seguintes instrumentos de identificación:

a) O sistema de sinatura electrónica incorporado ó DNI.

b) Ós sistemas de sinatura electrónica avanzada e recoñecida que teñan validez para o Concello e que se especifiquen na sede electrónica.

c) A clave de usuario inscrita no rexistro de usuario habilitado na sede electrónica.

d) Calquera outro sistema que se estableza, nos termos e condicións de uso que se determinen, sempre que non supoña un custo engadido para o Concello de Lugo.

2. As diferentes formas de identificación recollidas neste artigo poderán dar acceso a distintos niveis de información, tramitación e servizos segundo o grao de protección dos datos ou trámites ós que se pretenda acceder.

3. Todos os datos de carácter persoal que sexa preciso recabar para posibilitar o acceso aos distintos niveis de información, tramitación e servizos previstos na presente ordenanza, pasarán a integrar os correspondentes ficheiros de datos persoais titularidade do Concello que contan co nivel de protección axeitado, e están declarados ante a Axencia Española de Protección de Datos, segundo o previsto legalmente.

Artigo 11.- Información de libre acceso.

Será de libre acceso para a cidadanía, sen necesidade de identificación, a seguinte información publicada na sede electrónica do Concello:

a) Información sobre a organización municipal e os servizos de interese xeral.

b) Disposicións xerais e información normativa, incluídos os plans de ordenación urbanística vixentes.

c) Información incluída no taboleiro de edictos electrónico do Concello.

d) Publicacións oficiais do Concello.

e) Expedientes sometidos a información pública.

f) A información de acceso xeral que se considere oportuno.

TÍTULO IV.- O REXISTRO ELECTRÓNICO.

Artigo 12.- Creación do rexistro electrónico.

1. Créase o rexistro electrónico do Concello de Lugo, de acordo co disposto nos art. 24 e concordantes da Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, a fin de garantir o exercicio efectivo dos dereitos recoñecidos nesta norma e a prestación dos servizos que nela se contemplan.

2. O rexistro electrónico configúrase como un rexistro auxiliar do Rexistro Xeral municipal de entrada e saída de documentos e terá carácter voluntario, excepto nos supostos de utilización obrigada establecidos por Lei.

3. As aplicacións informáticas, de conformidade co disposto no art. 38.2 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, garantirá a interconexión e integración deste co Rexistro Xeral, así como o cumprimento dos requisitos e garantías de integridade, seguridade, normalización e conservación contemplados na normativa aplicable por razón da materia.

4. A responsabilidade da seguridade do rexistro electrónico correspóndelle ó Concello, con independencia da área, unidade administrativa ou órgano ó que se lle asigne a súa xestión administrativa. Tamén será responsabilidade do Concello a xestión da administración de usuarios e o mantemento dos medios técnicos correspondentes ó servidor central do rexistro electrónico, así como a súa integración coas plataformas de tramitación electrónica.

Artigo 13.- Funcións do rexistro electrónico.

1. O funcionamento do rexistro electrónico do Concello de Lugo réxese polo establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, pola normativa xeral de aplicación e polo previsto na propia ordenanza.

2. As funcións do rexistro electrónico serán as seguintes:

a) A anotación dos correspondentes asentos de entrada e saída, que se realizará de acordo coa lexislación aplicable en materia de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) A expedición automática de resgardos electrónicos acreditativos da presentación das ditas solicitudes, escritos e comunicacións.

c) A remisión de escritos e comunicacións que se leven a cabo por medios e canles electrónicas por parte do Concello de Lugo.

d) Calquera outra que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

Artigo 14.- Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións no rexistro electrónico.

1. O rexistro electrónico admitirá a presentación, por medios e canles electrónicas, de solicitudes, escritos e comunicacións que se remitan mediante sinatura electrónica, nos termos establecidos artigo 10 desta ordenanza, no ámbito exclusivo dos trámites e procedementos que se determinen no catálogo de procedementos e trámites electrónicos recollido no anexo I desta ordenanza, así como os que se incorporen posteriormente a través de Decreto organizativo da Alcaldía.

2. Os documentos que se acheguen coas solicitudes, escritos e comunicacións deberán ser lexibles e non defectuosos, debendo cumprir os estándares de formato e requisitos de seguridade que se determinen nos esquemas nacionais de interoperabilidade e seguridade.

3. O rexistro electrónico rexeitará aqueles documentos que conteñan código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema.

4. A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións no rexistro electrónico terá idénticos efectos que a efectuada polos demais medios admitidos en dereito.

Artigo 15.- Modelos normalizados de solicitude.

Para facilitar á cidadanía a achega de datos e información requiridos ou para simplificar a tramitación dos correspondentes procedementos electrónicos, no contexto deles poderán establecerse modelos e sistemas normalizados de solicitude para a transmisión por medios electrónicos delas.

Artigo 16.- Representación vía telemática.

1. As persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrar poderán representar por vía telemática a outras persoas, físicas ou xurídicas, sempre que se acredite a citada representación mediante algún dos seguintes medios:

a) Achega polo representante de poder suficiente, en soporte informático.

b) Inclusión do poder no certificado recoñecido de sinatura de representante, de acordo coa lexislación vixente en materia de sinatura electrónica.

c) Calquera outro, utilice ou non medios electrónicos, non contemplado nos parágrafos anteriores e válido conforme á normativa de aplicación.

2. A representación telemática, que se presumirá válida, poderá ser especificamente outorgada para procedementos concretos ou de forma xeral, para a súa utilización na totalidade de procedementos tramitados polo Concello de Lugo.

Artigo 17.- Funcionamento do rexistro electrónico.

1. As persoas interesadas poderán presentar, no rexistro electrónico do Concello de Lugo, durante as vinte e catro horas de todos os días do ano, as solicitudes, escritos e comunicacións relativos ós trámite previstos no catálogo de procedementos e trámites electrónicos recollido no anexo I desta ordenanza, así como os que se incorporen posteriormente a través de Decreto organizativo da Alcaldía.

2. O rexistro electrónico rexerase pola data e hora oficial, que figurará visible no enderezo electrónico de acceso a el.

3. No caso de que a solicitude fora rexistrada correctamente, o rexistro electrónico emitirá, automáticamente, unha mensaxe de recepción da solicitude, escrito ou comunicación presentada. A continuación, o interesado poderá descargar o xustificante, onde figurará a data e hora na que se produciu a recepción e os datos proporcionados pola persoa interesada, así como a sinatura dixital do órgano competente, para os efectos legalmente establecidos.

4. A persoa usuaria será advertida, se é o caso, da non recepción das solicitudes, escritos e comunicacións a través dunha da mensaxe de indicación de erro ou deficiencia da transmisión.

5. Unicamente, cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a recepción de solicitudes, escritos e comunicación, o cal deberá anunciárselle á cidadanía coa antelación que, se é o caso, resulte posible. No suposto de interrupción non planificada no funcionamento do rexistro electrónico, e sempre que sexa posible, a persoa usuaria visualizará unha mensaxe na que se lle comunique tal circunstancia.

6. A identificación do Concello de Lugo efectuarase mediante selo de órgano e un código seguro de verificación vinculado a este, o que garantirá a autenticidade e integridade dos documentos administrativos ós que se incorpore.

Artigo 18.- Cómputo de prazos.

1. A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións no rexistro electrónico, a súa recepción e as remisións de escritos e comunicacións nel, rexerase para os efectos de cómputo de prazos, en días hábiles, e segundo os seguintes criterios:

a) Serán considerados días inhábiles para o rexistro electrónico e para as persoas usuarias deste únicamente os así declarados para todo o territorio nacional no calendario anual de días inhábiles, así como os declarados inhábiles no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e na cidade de Lugo, como festa local. Na sede electrónica publicarase o calendario dos días inhábiles no Concello de Lugo.

